

## 2.- EMPREGO

---

▼ ESTE SEGUNDO CAPÍTULO ESTÁ DEDICADO ó estudio do emprego na área de Ourense–Verín. Para levar a cabo este estudio dividiremos a análise en tres grandes apartados. En primeiro lugar faremos referencia á situación demográfica, como elemento introductorio da situación do mercado de traballo. Os datos correspondentes á poboación obtivéronse do *Padrón municipal de habitantes* con referencia a 1 de xaneiro de 1996, a súa revisión de 1998 e a 1 de xaneiro de 2001 e 2003. Asemade, tamén foron utilizadas outras dúas fontes publicadas polo Instituto Galego de Estatística, como son o *Movemento natural da poboación, defuncións e nacementos*, dos anos 2000 e 2001 e o *Informe comarcal do mercado laboral* con datos para os anos 2001 e 2002.


De seguido, considéranse os datos propios do mercado de traballo recollidos

no *Censo de poboación e vivenda 2001*. Esta fonte permite analizar a nivel municipal e con datos referidos ó ano 2001 a distribución da poboación en vivendas familiares de 16 e máis anos segundo a súa relación coa actividade económica (poboación activa, poboación ocupada e poboación parada e inactiva, así como as taxas de actividade, ocupación e paro), así como os datos recollidos no *Informe comarcal do mercado laboral*, publicado pola Xunta de Galicia.

Posteriormente, realízase un estudio das medidas activas de emprego, facendo referencia ós programas de mellora da empregabilidade, ás actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral, ás actuacións para o desenvolvemento da economía social e o autoemprego, e finalmente, ós programas de cooperación e escolas obradoiro. Para a realización

G.2.1.

Pirámide de poboación de Ourense-Verín



Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 2001

deste terceiro e último apartado tense en conta a información recollida nas *Medidas activas de emprego*. *Balance de resultados* correspondentes ós anos 2001 e 2002.

### Demografía

Segundo as cifras oficiais de poboación publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), a 1 de xaneiro de 2003, a área de Ourense-Verín estaba habitada por un total de 307.338 persoas, o que representa o 89,8% do total provincial. A poboación da área analizada representa o 11,2% da poboación total da Comunidade Autónoma de Galicia. Ó comparar estes rateos cos que se obterían da relación entre a superficie da área, a provincia e Galicia, obsérvase que ésta é unha zona moi poboada con respecto á provincia de Ourense, cunha densidade de poboación 5,3 puntos superior á media da provincia no ano 2003, aínda que moi por debaixo da densidade media galega, que en 2003 se sitúa no 93,2, 40,9 puntos por riba da densidade media da área de Ourense-

Verín. Neste senso, a área de Ourense-Verín representa o 19,8% do total territorial galego e o 11,2% da poboación. As comarcas integradas dentro da área analizada representan o 80,7% da extensión total da provincia de Ourense, fronte á xa citada porcentaxe de poboación, que é do 89,8% do total provincial. Sen embargo unha mellor medida desta baixa poboación é a variable densidade de poboación, que mide o número medio de habitantes por quilómetro cadrado.

No **gráfico 2.1.** pódese observar a pirámide de poboación correspondente á área de Ourense-Verín por grupos quinquenais para o ano 2001. Apréciase a estrutura da poboación, onde os grupos de idade maioritarios, tanto de homes como de mulleres, son os que corresponden ás franxas de idade entre 65 e 69 anos. No caso das mulleres o segundo grupo en importancia numérica é o comprendido entre 70 e 74 anos, mentres que no caso dos homes o segundo grupo en importancia é o de idades comprendidas entre 20 e 24 anos. Outra das características signifi-

**Poboación 1996-2003: principais datos**

2.1.

	Padrón 1996		Renovación padrón 2000		Poboación 2002		Poboación 2003		Variación poboación 1996-2003	Taxa incremento poboación 1996-2003 (%)	Densidade poboación 1996	Densidade poboación 2003(1)
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total				
<b>Area funcional de Ourense-Verín</b>	<b>311.600</b>	<b>149.200</b>	<b>148.039</b>	<b>162.048</b>	<b>308.649</b>	<b>307.338</b>	<b>307.338</b>	<b>-4.262</b>	<b>-1,37</b>	<b>53,1</b>	<b>52,3</b>	
Alfariá-Maceda	16.000	7.696	7.586	8.089	15.447	15.301	15.301	-699	-4,37	41,9	40,0	
Baixa Limia	10.623	5.047	4.783	5.312	9.826	9.539	9.539	-1.084	-10,20	20,0	18,0	
A Limia	26.055	12.859	12.386	12.846	24.984	24.573	24.573	-1.482	-5,69	32,5	30,7	
O Carballiño	31.200	14.793	14.352	16.094	30.050	29.982	29.982	-1.218	-3,90	56,5	54,3	
Ourense	139.189	65.931	67.153	74.977	143.479	144.173	144.173	4.984	3,58	223,4	231,4	
O Ribeiro	21.489	10.083	9.811	11.106	20.473	20.396	20.396	-1.093	-5,09	52,8	50,1	
Terra de Caldeas	5.019	2.508	2.340	2.370	4.543	4.410	4.410	-609	-12,13	16,0	14,1	
Terra de Celanova	23.800	11.263	10.921	12.250	22.617	22.215	22.215	-1.585	-6,66	46,8	43,7	
Verín	29.497	14.623	14.575	14.920	29.439	29.116	29.116	-381	-1,29	29,3	28,9	
Viana	8.728	4.397	4.132	4.084	7.791	7.633	7.633	-1.085	-12,55	11,7	10,2	
<b>Provincia Ourense</b>	<b>346.913</b>	<b>166.778</b>	<b>165.472</b>	<b>179.769</b>	<b>343.768</b>	<b>342.213</b>	<b>342.213</b>	<b>-4.700</b>	<b>-1,35</b>	<b>47,7</b>	<b>47,0</b>	
<b>Galicia</b>	<b>2.742.622</b>	<b>1.320.347</b>	<b>1.312.391</b>	<b>1.419.509</b>	<b>2.737.370</b>	<b>2.751.094</b>	<b>2.751.094</b>	<b>8.472</b>	<b>0,31</b>	<b>92,7</b>	<b>93,2</b>	
<b>Área funcional / Provincia</b>	<b>89,8</b>	<b>89,5</b>	<b>89,5</b>	<b>90,1</b>	<b>89,8</b>	<b>89,8</b>	<b>89,8</b>					
<b>Área funcional / Galicia</b>	<b>11,4</b>	<b>11,3</b>	<b>11,3</b>	<b>11,4</b>	<b>11,3</b>	<b>11,2</b>	<b>11,2</b>					

(1) As densidades de poboación están calculadas segundo Poboación 2002 / Superficie  
Fonte: IGE

cativas da pirámide de poboación da área analizada é a existencia de maior poboación con máis de 85 anos que de menos de 4 anos.

Unha análise a nivel comarcal da estrutura por idades da poboación dá como resultado unha estrutura piramidal con marcado carácter invertido nas comarcas de Terra de Celanova, Terra de Caldelas, O Ribeiro, A Limia, A Baixa Limia e Allariz-Maceda. O envellecemento da poboación é moi acusado en comarcas como Terra de Caldelas, onde existe un maior número de persoas maiores de 80 anos que menores de 19 (**anexos 1. a 10.**).

Do **cadro 2.1.** pódese extraer unha análise da evolución da poboación nos distintos ámbitos xeográficos no período que vai dende o 1 de maio de 1996 ó 1 de xaneiro de 2003. Neste período, no conxunto da área de Ourense–Verín redúcese a poboación en 4.262 individuos, o que supón unha taxa de redución do 1,37%. A redución no volume de poboación no período sinalado é común a tódalas comarcas da área analizada, agás na comarca de Ourense, onde se incrementa a poboación en 4.984 individuos. En canto á maior taxa de redución de poboación destaca a comarca de Viana, onde no período sinalado redúcese a poboación nun 12,55%.

Por outra banda, é importante salienta-las diferencias que existen entre as distintas comarcas da área obxecto de estudio en canto á densidade de poboación. Tendo en conta que a densidade de poboación media de Galicia para o ano 2003 é de 93,2 hab/km<sup>2</sup> e a da provincia de Ou-

rense de 47 hab/km<sup>2</sup>, destacan pola importancia desta variable as comarcas de Ourense, Carballiño e O Ribeiro, con densidades de poboación de 231,4, 54,3 e 50,1 hab/km<sup>2</sup>, respectivamente, mentres a comarca con menor densidade de poboación é a de Viana, con 10,2 hab/km<sup>2</sup>. Dun xeito xeral, tódalas comarcas da área están por debaixo da media de densidade de poboación de Galicia e mesmo por debaixo da densidade media provincial, agás a comarca de Ourense que, cunha densidade de 231,4 hab/km<sup>2</sup>, eleva a densidade media da área analizada por encima da densidade media provincial. No que respecta á porcentaxe de poboación que representa cada comarca dentro da área estudiada, destacan Ourense, co 46,5% da poboación total da área, e no extremo oposto Terra de Caldelas, co 1,4% do total da área.

En canto á variación que se produce no total da poboación debido a factores naturais, é dicir, o **saldo vexetativo**, diferenza entre os nacementos e as defuncións, temos os datos do movemento natural da poboación para os anos 2000 e 2001 no **cadro 2.2.**, onde a nota común é un maior número de defuncións que nacementos, co que estas cifras, todas elas negativas, contribúen ó descenso da poboación nas diferentes comarcas.

Igualmente pode comprobarse que no ano 2001 se rexistraron na área de Ourense–Verín un total de 1.600 nacementos, un 2,7% menos que no ano anterior, e 3.908 defuncións, un 4,6% menos que no ano 2000, producíndose unha redución do saldo vexetativo negativo, pasando de -2.446 en 2000 a -2.308 en 2001.

**Movemento natural da poboación 2000-01 (1)**

**2.2.**

	2000			2001			2001-00		
	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
<b>Area funcional de Ourense-Verín</b>	<b>1.643</b>	<b>4.089</b>	<b>-2.446</b>	<b>1.600</b>	<b>3.908</b>	<b>-2.308</b>	<b>-2,7</b>	<b>-4,6</b>	<b>-6,0</b>
Allariz-Maceda	70	247	-177	54	232	-178	-29,6	-6,5	0,6
Baixa Limia	29	190	-161	36	193	-157	19,4	1,6	-2,5
A Limia	127	335	-208	113	300	-187	-12,4	-11,7	-11,2
O Carballiño	156	427	-271	142	462	-320	-9,9	7,6	15,3
Ourense	897	1.549	-652	897	1.454	-557	0,0	-6,5	-17,1
O Ribeiro	74	338	-264	82	303	-221	9,8	-11,6	-19,5
Terra de Caldeas	17	86	-69	10	54	-44	-70,0	-59,3	-56,8
Terra de Celanova	78	393	-315	71	368	-297	-9,9	-6,8	-6,1
Verín	159	409	-250	154	409	-255	-3,2	0,0	2,0
Viana	36	115	-79	41	133	-92	12,2	13,5	14,1
<b>Provincia Ourense</b>	<b>1.837</b>	<b>4.545</b>	<b>-2.708</b>	<b>1.791</b>	<b>4.378</b>	<b>-2.587</b>	<b>-2,6</b>	<b>-3,8</b>	<b>-4,7</b>
<b>Galicia</b>	<b>19.418</b>	<b>28.858</b>	<b>-9.440</b>	<b>19.251</b>	<b>28.011</b>	<b>-8.760</b>	<b>-0,9</b>	<b>-3,0</b>	<b>-7,8</b>

(1) Os datos para o ano 2001 son provisionais.  
Fonte: IGE, Movemento Natural da Poboación

2.3.

Entidades singulares e colectivas de poboación 1991-2001 <sup>(1)</sup>

	1991		2001		2001-1991	
	Entidades singulares	Entidades colectivas	Entidades singulares	Entidades colectivas	Entidades singulares	Entidades colectivas
						(%)
<b>Area funcional de Ourense-Verín</b>	3.378	751	3.365	748	-0,4	-0,4
Allariz-Maceda	281	60	294	60	4,6	0,0
Baixa Limia	153	47	164	47	7,2	0,0
A Limia	249	89	250	89	0,4	0,0
O Carballiño	598	88	595	88	-0,5	0,0
Ourense	752	122	714	120	-5,1	-1,6
O Ribeiro	267	63	268	63	0,4	0,0
Terra de Caldelas	249	47	247	46	-0,8	-2,1
Terra de Celanova	567	91	570	90	0,5	-1,1
Verín	167	82	168	82	0,6	0,0
Viana	95	62	95	63	0,0	1,6
<b>Provincia Ourense</b>	3.688	919	3.676	916	-0,3	-0,3
<b>Area funcional / Provincia (%)</b>	91,6	81,7	91,5	81,7		

(1) Segundo o Glosario terminolóxico do INE, como unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o concello existen, nalgúns rexións, agrupacións de entidades singulares, (parroquias, irmandades e outras), que conforman unha entidade colectiva de poboación con personalidade propia e unha orixe marcadamente histórica  
Fonte: INE

Comparando cos datos correspondentes ós totais provinciais e autonómico, a área de Ourense-Verín presenta a mesma característica de saldo vexetativo negativo. Sen embargo, na área analizada ó número de nacementos e defuncións reducíronse nunha porcentaxe menor e maior, respectivamente, en relación ás variacións no total da provincia de Ourense, así como no conxunto de Galicia. Neste senso, é destacable a diferente evolución do saldo vexetativo da área de Ourense-Verín en relación ó conxunto de Galicia. Así, entre os anos 2000 e 2001, o saldo vexetativo da área foi un 6% menos negativo, mentres que no conxunto de Galicia no mesmo período o saldo vexetativo foi un 7,8% menos negativo.

No ano 2001, tódalas comarcas da área presentan un saldo vexetativo negativo. Sen embargo, cómpre salientalo feito de que no período 2000-2001 en tódalas comarcas, agás en Allariz-Maceda, O Carballiño, Verín e Viana, se suavizou este saldo negativo incrementándose o número de nacementos nas comarcas de

Baixa Limia, O Ribeiro e Viana, e/ou reducíndose as defuncións en tódalas comarcas agás en Baixa Limia, O Carballiño, Verín e Viana. A redución do 2,7% do número de nacementos dentro da área estudada é unha das explicacións da estrutura da pirámide de poboación antes analizada.

Atendendo ó **cadro 2.3.**, e tendo en conta que como unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o concello existen agrupacións de entidades singulares, (parroquias, irmandades e outras), que conforman unha unidade colectiva de poboación con personalidade propia e unha orixe marcadamente histórica, existen na área de Ourense-Verín un total de 748 entidades colectivas de poboación, entendendo por tal o especificado anteriormente, e 3.365 entidades singulares de poboación. Comparando estas cifras coa recollidas polo Censo de 1991, constátase que no conxunto da área analizada redúcese o número de entidades singulares de poboación, pasando de 3.378 en 1991 a 3.365 no ano 2001, un 0,4% menos. No

que respecta ás entidades colectivas de poboación, éstas redúcense nun 0,4%, pasando de 751 en 1991 a 748 no ano 2001. Dende un punto de vista comarcal, en tódalas comarcas da área produciuse un incremento no número de entidades singulares de poboación, agás nas comarcas de O Carballiño, Ourense e Terra de Caldeas, mentres que as entidades colectivas de poboación mantéñense inalteradas en tódalas comarcas agás nas de Ourense, Terra de Caldeas e Terra de Celanova, onde diminúen, e na comarca de Viana, onde se incrementan nun 1,6%.

Seguindo coa análise poboacional resulta de interese estudar a dispersión ou concentración da poboación pola súa repercusión en termos socioeconómicos. Ó non existir na literatura un indicador claro deste fenómeno, e por dispoñer só de datos desagregados ata o nivel municipal, optouse por recoller a poboación que vive en núcleos de menos de 2.000 habitantes, entre 2.000 e 5.000 habitantes, entre 5.000 e 10.000 habitantes, e de máis de 10.000 habitantes, é dicir, a poboación que, dada a estrutura da área de Ourense-Verín, vive concentrada en agrupacións consideradas como significativas.

**O cadro 2.4.** reflicte os datos absolutos a nivel municipal a 1 de xaneiro do ano 2003 dos residentes nos diferentes concellos da área analizada distribuídos en función do número de habitantes.

En primeiro lugar, a porcentaxe de poboación residente en concellos de menos de 2.000 habitantes é o 19,3% do total da poboación da área de Ourense-Verín. A nivel comarcal, o 100% da poboación

da comarca de Terra de Caldeas reside en municipios de menos de 2.000 habitantes, así como o 60% da poboación total da comarca de A Limia e o 51% da poboación da comarca de Viana, fronte a comarcas como Ourense, onde a poboación residente en municipios de menos de 2.000 habitantes é o 2,1% do total da poboación da comarca.

No que respecta á poboación residente en concellos entre 2.000 e 5.000 habitantes, a media da área de Ourense-Verín sitúase no 23,6%. As comarcas da área obxecto de estudo cunha maior porcentaxe de poboación residente nos concellos cunha poboación entre 2.000 e 5.000 habitantes son as de a Baixa Limia, Viana, Terra de Celanova e Allariz-Maceda, con porcentaxes do 72,6%, 49%, 47,7% e 35,2%, respectivamente, fronte á comarca de A Limia ou Ourense, onde a porcentaxe de poboación comarcal residente nestes municipios é do 0% e do 13,2%, respectivamente.

En relación á poboación residente en concellos entre 5.000 e 10.000 habitantes, a media da área de Ourense-Verín está no 12,7% da poboación total. Dentro da área analizada existen só seis concellos cun número de habitantes comprendidos na franxa sinalada. Así, na comarca de Allariz-Maceda o concello de Allariz, con 5.216 habitantes, é o único incluído nesta franxa, o que supón o 34% da poboación comarcal; na comarca de A Limia, o concello de Xinzo de Limia, con 9.821 habitantes, supón o 40% da poboación comarcal; na comarca de Ourense existen dous concellos incluídos nesta franxa, Barbadás e Pereiro de Aguiar, que supoñen o

INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

2.4.


Poboación nos concellos: distribución segundo tramos de número de habitantes

	< 2.000 hab	2.000 > hab > 5.000	5.000 > hab > 10.000	> 10.000 hab	Total
<b>Comarca de Allariz-Maceda</b>	4.690	5.395	5.216	-	15.301
Allariz	-	-	5.216	-	5.216
Baños de Molgas	-	2.088	-	-	2.088
Maceda	-	3.307	-	-	3.307
Paderno de Allariz	1.643	-	-	-	1.643
Xunqueira de Ambía	1.997	-	-	-	1.997
Xunqueira de Espadañedo	1.050	-	-	-	1.050
<b>Comarca de Baixa Limia</b>	2.611	6.928	-	-	9.539
Bande	-	2.332	-	-	2.332
Entrimo	1.396	-	-	-	1.396
Lobeira	1.225	-	-	-	1.225
Lobios	-	2.584	-	-	2.584
Muíños	-	2.012	-	-	2.012
<b>Comarca de A Limia</b>	14.752	-	9.821	-	24.573
Baltar	1.189	-	-	-	1.189
Os Blancos	1.148	-	-	-	1.148
Calvos de Randín	1.242	-	-	-	1.242
Porqueira	1.151	-	-	-	1.151
Rairiz de Veiga	1.767	-	-	-	1.767
Sandiás	1.618	-	-	-	1.618
Sarreaus	1.845	-	-	-	1.845
Trasmiras	1.828	-	-	-	1.828
Vilar de Barrio	1.963	-	-	-	1.963
Vilar de Santos	1.001	-	-	-	1.001
Xinzo de Limia	-	-	9.821	-	9.821
<b>Comarca de O Carballiño</b>	5.345	11.561	-	13.076	29.982
Beariz	1.477	-	-	-	1.477
Boborás	-	3.286	-	-	3.286
O Carballiño	-	-	-	13.076	13.076
O Irixo	-	2.092	-	-	2.092
Maside	-	3.157	-	-	3.157
Piñor	1.527	-	-	-	1.527
Punxín	956	-	-	-	956
San Amaro	1.385	-	-	-	1.385
San Cristovo de Cea	-	3.026	-	-	3.026
<b>Comarca de Ourense</b>	3.019	19.160	12.519	109.475	144.173
Amoeiro	-	2.276	-	-	2.276
Barbadás	-	-	7.193	-	7.193
Coles	-	3.201	-	-	3.201
Esgos	1.318	-	-	-	1.318
Nogueira de Ramuín	-	2.565	-	-	2.565
Ourense	-	-	-	109.475	109.475
O Pereiro de Aguiar	-	-	5.326	-	5.326
A Peroxa	-	2.521	-	-	2.521
San Cibrao das Viñas	-	3.840	-	-	3.840
Taboadela	1.701	-	-	-	1.701
Toén	-	2.521	-	-	2.521
Vilamarín	-	2.236	-	-	2.236
<b>Comarca de O Ribeiro</b>	9.923	4.933	5.540	-	20.396
A Arnoia	1.233	-	-	-	1.233
Avión	-	2.881	-	-	2.881
Beade	576	-	-	-	576
Carballeda de Avia	1.596	-	-	-	1.596
Castrelo de Miño	-	2.052	-	-	2.052
Cenlle	1.601	-	-	-	1.601
Cortegada	1.420	-	-	-	1.420
Leiro	1.967	-	-	-	1.967
Melón	1.530	-	-	-	1.530
Ribadavia	-	-	5.540	-	5.540
<b>Comarca de Terra Caldelas</b>	4.410	-	-	-	4.410
Castro Caldelas	1.863	-	-	-	1.863
Montederramo	1.188	-	-	-	1.188
Parada de Sil	808	-	-	-	808
Teixeira	551	-	-	-	551
<b>Comarca de Terra de Celanova</b>	5.547	10.597	6.071	-	22.215
A Bola	1.540	-	-	-	1.540
Cartelle	-	3.641	-	-	3.641
Celanova	-	-	6.071	-	6.071
Gomesende	1.105	-	-	-	1.105
A Merca	-	2.373	-	-	2.373
Padrenda	-	2.530	-	-	2.530
Pontedeva	664	-	-	-	664
Quintela de Leirado	851	-	-	-	851
Ramirás	-	2.053	-	-	2.053
Verea	1.387	-	-	-	1.387
<b>Comarca de Verín</b>	5.080	10.378	-	13.658	29.116
Castrelo do Val	1.263	-	-	-	1.263
Cualedro	-	2.316	-	-	2.316
Laza	1.826	-	-	-	1.826
Monterrei	-	3.246	-	-	3.246
Oimbra	1.991	-	-	-	1.991
Riós	-	2.123	-	-	2.123
Verín	-	-	-	13.658	13.658
Vilardevós	-	2.693	-	-	2.693
<b>Comarca de Viana</b>	3.890	3.743	-	-	7.633
A Gudiña	1.651	-	-	-	1.651
A Mezquita	1.468	-	-	-	1.468
Viana do Bolo	-	3.743	-	-	3.743
Vilariño de Conso	771	-	-	-	771
<b>Área funcional Ourense-Verín</b>	59.267	72.695	39.167	136.209	307.338
<b>Provincia Ourense</b>	68.242	80.061	44.194	149.716	342.213
<b>Área funcional/ provincia (%)</b>	86,8	90,8	88,6	91,0	89,8

Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes 2003



**G.2.2.**



Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes 2002

8,6% da poboación comarcal; na comarca de O Ribeiro, o concello de Ribadavia, con 5.540 habitantes, o 27,1% da poboación da comarca; e, finalmente, na comarca de Terra de Celanova, o concello de Celanova, con 6.071 habitantes, que supoñen o 27,3% do total da poboación da comarca.

Finalmente, a poboación residente en concellos de máis de 10.000 habitantes na área de Ourense–Verín supón o 44,3% da poboación total. Esta poboación está concentrada en tres concellos: Ourense, co 75,9% do total de poboación da comarca; O Carballiño, co 43,6% do total de poboación comarcal; e Verín, co 46,9% do total da poboación da súa comarca. Neste senso, só 3 dos 79 concellos que compoñen a área de Ourense–Verín teñen máis de 10.000 habitantes.

Como complemento destes datos, o **gráfico 2.2.** ven amosar dun xeito sinxelo a concentración da poboación, podendo

observar con claridade as características e trazos anteriormente comentados.

No que respecta ós **movementos migratorios**, dentro da área de Ourense–Verín poden distinguirse catro formas de conceptualiza-lo fenómeno migratorio: inmigración interior, inmigración exterior, emigración interior e emigración exterior. O **cadro 2.5.** recolle datos a nivel municipal a excepción da emigración exterior (baixas no *Padrón municipal de habitantes* que se rexistran como consecuencia da saída de residentes para o estranxeiro).

No que respecta á inmigración interior, é dicir, ás altas no *Padrón municipal de habitantes* que se rexistran nos concellos como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes doutros concellos do territorio español, dun xeito xeral, os concellos cun maior número de habitantes dentro da área de Ourense–Verín, segundo o Padrón de 2000, son os

INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

2.5.

Movements migratorios a 1 de xaneiro de 2002

	Inmigración interior	Inmigración exterior	Emigración interior	Saldo migratorio	Taxa migración (%)
<b>Comarca de Allariz-Maceda</b>	424	50	329	145	
Allariz	149	27	88	88	17,06
Baños de Molgas	43	4	58	-11	-4,95
Maceda	91	3	62	32	9,45
Paderne de Allariz	49	5	52	2	1,17
Xunqueira de Ambía	71	10	55	26	12,40
Xunqueira de Espadañedo	21	1	14	8	7,29
<b>Comarca de Baixa Limia</b>	177	89	279	-13	
Bande	56	41	99	-2	-0,77
Entrimo	19	18	21	16	10,85
Lobeira	22	7	26	3	2,33
Lobios	34	11	67	-22	-8,18
Muíños	46	12	66	-8	-3,92
<b>Comarca de A Limia</b>	640	153	667	126	
Baltar	8	7	31	-16	-12,48
Os Blancos	26	-	64	-38	-28,74
Calvos de Randín	42	13	37	18	14,33
Porqueira	16	8	42	-18	-15,10
Rairiz de Veiga	33	3	35	1	0,53
Sandiás	26	8	38	-4	-2,34
Sarreaus	51	2	53	0	0,00
Trasmiras	49	19	52	16	8,25
Vilar de Barrio	30	8	54	-16	-7,68
Vilar de Santos	21	4	27	-2	-1,94
Xinzo de Limia	338	81	234	185	19,27
<b>Comarca de O Carballiño</b>	609	283	736	156	
Beariz	42	13	27	28	16,43
Boborás	48	57	93	12	3,47
O Carballiño	323	149	327	145	11,66
O Irixo	37	13	49	1	0,46
Maside	69	19	82	6	1,82
Piñor	15	4	36	-17	-10,49
Punxín (1)	-	-	-	-	-
San Amaro	16	13	53	-24	-15,65
San Cristovo de Cea	59	15	69	5	1,55
<b>Comarca de Ourense</b>	4.066	485	4.344	207	
Amoeiro	63	20	48	35	15,26
Barbadás	523	56	181	398	63,32
Coles	128	18	72	74	23,40
Esgos	38	26	39	25	18,67
Nogueira de Ramuín	66	4	53	17	6,37
Ourense	2.394	265	3.423	-764	-7,03
O Pereiro de Aguiar	395	37	118	314	64,19
A Peroxa	99	1	67	33	12,74
San Cibrao das Viñas	126	46	112	60	16,60
Taboadela	51	6	42	15	8,55
Toén	70	5	101	-26	-9,91
Vilamarín	113	1	88	26	11,49
<b>Comarca de O Ribeiro</b>	370	184	493	61	
A Arnoia	68	16	25	59	48,72
Avión	27	78	52	53	17,76
Beade (1)	-	-	-	-	-
Carballeda de Avia	17	14	52	-21	-12,46
Castro de Miño	25	14	41	-2	-0,93
Cenlle	41	1	58	-16	-9,56
Cortegada	38	24	27	35	24,29
Leiro	47	12	74	-15	-7,33
Melón	16	15	41	-10	-6,25
Ribadavia	91	10	123	-22	-3,99
<b>Comarca de Terra Caldeas</b>	83	9	86	6	
Castro Caldeas	51	5	59	-3	-1,56
Montederramo	32	4	27	9	7,00
Parada de Sil (1)	-	-	-	-	-
Teixeira (1)	-	-	-	-	-
<b>Comarca de Terra de Celanova</b>	397	237	557	77	
A Bola	36	10	26	20	12,77
Cartelle	80	41	100	21	5,35
Celanova	128	56	132	52	8,72
Gomesende	7	10	37	-20	-16,60
A Merca	56	16	45	27	11,13
Padrenda	39	52	139	-48	-16,93
Pontevedra (1)	-	-	-	-	-
Quintela de Leirado (1)	-	-	-	-	-
Ramirás	35	41	40	36	17,33
Verea	16	11	38	-11	-7,26
<b>Comarca de Verín</b>	769	304	836	237	
Castro do Val	29	10	39	0	0,00
Cualdro	66	7	66	7	2,85
Laza	30	1	51	-20	-9,87
Monterrei	56	4	68	-8	-2,34
Oimbra	61	21	65	17	8,41
Riós	23	3	61	-35	-15,45
Verín	460	247	403	304	23,33
Vilardevós	44	11	83	-28	-9,55
<b>Comarca de Viana</b>	97	16	226	-113	
A Gudiña	33	14	56	-9	-5,22
A Mezquita	19	2	50	-29	-18,72
Viana do Bolo	45	-	120	-75	-18,34
Vilariño de Conso (1)	-	-	-	-	-
<b>Área funcional Ourense-Verín</b>	<b>7.632</b>	<b>1.810</b>	<b>8.553</b>	<b>889</b>	
Provincia Ourense	8.550	1.954	9.516	988	
Área funcional/ provincia (%)	89,3	92,6	89,9	90,0	

(1) Non hai datos porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles concellos de menos de 1000 hab.  
Fonte: La Caixa, Anuario Social

que reciben un maior volume de inmigración interior. Segundo o volume de inmigración interior, destacan dentro da área os concellos de Ourense, Barbadás e Verín, con 2.394, 523 e 460 individuos, respectivamente, o que supón, para o citado ano, o 2,2%, o 8,3% e o 3,5% da súa poboación total, respectivamente. No que atinxe á inmigración exterior, os concellos de Ourense, Verín e O Carballiño son os que presentan un maior volume de saídas de residentes cara a outros concellos, con 265, 247 e 149 saídas.

En relación á inmigración exterior –altas no *Padrón municipal de habitantes* como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes do estranxeiro–, o conxunto da área de Ourense–Verín acolleu no ano 2000 a 1.810 novos estranxeiros, destacando a comarca de Ourense, onde están empadroados o 26,8% dos novos inmigrantes, seguida da comarca de Verín, co 16,8% do total. A nivel municipal, os concellos de Ourense (265 altas) Verín (247 altas) e O Carballiño (149 altas) son os que reciben un maior volume de incorporacións. En xeral, a área de Ourense–Verín recibiu no citado ano o 92,6% da poboación inmigrante total da provincia de Ourense e o 14,1% do total de inmigrantes chegados á comunidade autónoma no ano 2000.

Unha vez analizados estes indicadores, observamos como o saldo migratorio, é dicir, o resultado de restar ós dous tipos de inmigración (interior e exterior) a emigración interior, é positivo para o conxunto da área de Ourense–Verín e para todas as comarcas agás as da Baixa Limia e Viana. Neste senso, a comarca de Ou-

rense é a que presenta un saldo positivo maior no conxunto da área, 207 individuos, a pesar de que o concello de Ourense presenta un saldo migratorio negativo de 764 individuos no citado ano. Nesta comarca cabe destaca-los saldos migratorios positivos de máis de 300 individuos nos concellos de Barbadás e de Pereiro de Aguiar. A nivel municipal, dentro da área analizada salienta o saldo migratorio positivo do concello de Verín, que ascendeu no ano 2000 a 304 individuos.

Co obxecto de completa-los datos anteriores, o **cadro 2.6.** describe a distribución da poboación segundo o seu lugar de nacemento.

En relación á porcentaxe de residentes nados no mesmo concello, a media galega sitúase no 64,2% da poboación, e dentro da área de Ourense–Verín 59 dos 72 concellos da área dos que se dispón de datos (7 concellos sen dato) están por riba desa media, destacando concellos como O Irixo ou Cartelle, onde o 89,3% e o 88,8% da súa poboación, respectivamente, naceron no mesmo concello de residencia. A porcentaxe media de nados noutro municipio da comunidade autónoma é do 27,6% para Galicia. Dez dos 72 concellos da área analizada dos que se dispón de datos están por encima desa porcentaxe media, destacando o concello de Barbadás, onde o 54,9% da súa poboación total naceu noutro concello galego, fronte a concellos como o de Vilardevós, onde só o 5,3% da súa poboación naceu noutro municipio de Galicia.

En relación á porcentaxe de residen-

INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

2.6.

Poboación: distribución segundo o lugar do nacemento a 1 de xaneiro de 2002

	Nados mesmo municipio	Nados no municipio da súa CA (%)	Nados no tras CCAA	Nados no país estranxeiro
<b>Comarca de Allariz-Maceda</b>				
Allariz	67,4	21,4	6,9	4,3
Baños de Molgas	81,4	10,4	3,8	4,5
Maceda	72,0	19,2	3,7	5,1
Pademe de Allariz	71,1	20,2	2,8	5,8
Xunqueira de Ambía	81,2	13,0	3,6	2,2
Xunqueira de Espadañedo	72,7	18,1	3,6	5,7
<b>Comarca de Baixa Limia</b>				
Bande	74,3	18,1	2,0	5,6
Entrimo	74,8	11,9	2,9	10,4
Lobeira	78,2	12,6	3,7	5,5
Lobios	76,5	8,2	3,5	11,8
Muiños	83,5	10,8	1,8	4,0
<b>Comarca de A Limia</b>				
Baltar	87,4	8,0	1,0	3,7
Os Blancos	81,7	13,2	2,2	2,9
Calvos de Randín	86,4	7,6	2,9	3,0
Porqueira	82,9	12,2	2,3	2,5
Rairiz de Veiga	85,6	9,9	1,3	3,2
Sandilás	76,6	18,2	1,3	3,8
Sarreus	82,9	9,7	2,9	4,5
Trasmiras	79,5	12,8	3,0	4,7
Vilar de Barrio	82,8	10,4	3,3	3,6
Vilar de Santos	73,1	17,1	3,0	6,8
Xinzo de Limia	60,8	27,4	4,4	7,5
<b>Comarca de O Carballiño</b>				
Beariz	62,3	12,4	2,4	22,9
Boborás	74,2	12,0	1,0	12,8
O Carballiño	48,9	38,6	3,4	9,1
O Irixo	89,3	6,6	1,2	2,8
Maside	69,4	23,9	1,9	4,9
Piñor	79,5	16,5	1,4	2,7
Punxín (1)	-	-	-	-
San Amaro	75,7	19,3	1,2	3,8
San Cristovo de Cea	78,4	18,1	1,0	2,5
<b>Comarca de Ourense</b>				
Amoeiro	68,8	25,8	1,9	3,6
Barbadás	30,8	54,9	5,6	8,7
Coles	50,7	42,1	2,7	4,6
Esgos	66,7	22,0	3,2	8,1
Nogueira de Ramuín	71,5	17,5	4,9	6,1
Ourense	48,8	39,2	6,3	5,8
O Pereiro de Aguiar	52,7	38,5	3,4	5,4
A Peroxa	73,8	21,7	1,5	2,9
San Cibrao das Viñas	50,3	39,3	3,6	6,7
Taboadela	59,4	30,9	4,1	5,6
Toén	69,8	20,8	2,3	7,1
Vilamarín	62,6	32,0	2,1	3,4
<b>Comarca de O Ribeiro</b>				
A Arnoia	72,3	21,1	1,9	4,7
Avión	69,3	6,0	0,8	23,9
Beade (1)	-	-	-	-
Carballeda de Avia	80,8	13,1	1,5	4,6
Castro de Miño	85,3	8,0	0,8	5,8
Cenlle	69,4	23,1	2,4	5,1
Cortegada	74,7	18,2	2,1	5,1
Leiro	71,4	19,9	2,5	6,2
Melón	82,3	13,2	0,9	3,7
Ribadavia	67,8	24,9	3,0	4,3
<b>Comarca de Terra Caldeas</b>				
Castro Caldeas	75,9	17,0	4,2	2,9
Montederramo	85,4	9,7	3,3	1,6
Parada de Sil (1)	-	-	-	-
Teixeira (1)	-	-	-	-
<b>Comarca de Terra de Celanova</b>				
A Bola	84,7	9,1	1,7	4,5
Cartelle	88,8	6,8	1,8	2,6
Celanova	60,7	28,1	2,4	8,8
Gomesende	72,1	20,0	1,4	6,5
A Merca	79,8	14,7	2,2	3,3
Padrenda	75,6	10,5	2,0	11,9
Pontevedra (1)	-	-	-	-
Quintela de Leirado (1)	-	-	-	-
Ramirás	73,4	16,9	2,5	7,3
Verea	83,0	10,9	1,1	4,9
<b>Comarca de Verín</b>				
Castro do Val	81,1	12,4	2,8	3,6
Cualedro	85,2	8,3	2,4	4,1
Laza	87,8	6,0	3,2	3,1
Monterrei	82,2	10,0	3,4	4,4
Oimbra	77,4	10,4	4,8	7,4
Riós	87,7	7,2	2,5	2,6
Verín	48,6	33,3	7,6	10,5
Vilardevós	87,8	5,3	2,0	4,9
<b>Comarca de Viana</b>				
A Gudiña	71,9	15,5	4,6	7,9
A Mezquita	62,5	7,9	8,0	21,6
Viana do Bolo	78,7	11,6	5,9	3,8
Vilariño de Conso (1)	-	-	-	-
<b>Provincia Ourense</b>				
	61,7	27,3	4,7	6,4
<b>Total C. A. Galicia</b>				
	64,2	27,6	4,5	3,7
<b>Total España</b>				
	49,7	28,8	17,9	3,6

(1) Non hai datos porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles concellos de menos de 1000 hab.  
Fonte: La Caixa, Anuario Social

tes nados noutra comunidade autónoma, a media para Galicia é do 4,5% da poboación total. Na área analizada destacan os concellos de A Mezquita e Verín, onde o 8% e o 7,6% da súa poboación total, respectivamente, naceron noutra comunidade autónoma, superando en máis de 3 puntos porcentuais á media galega. Finalmente, no que respecta ós residentes nados noutro país, a media galega sitúase no 3,7% da poboación total, e dentro da área obxecto de análise existen 53 concellos que superan a citada media, salientando os concellos de Avión e Beariz, onde o 23,9% e o 22,9% da súa poboación total, respectivamente, nacera nun país estranxeiro.

### Mercado de traballo

No estudio da actividade e a ocupación na área de Ourense–Verín, a fonte utilizada é o *Censo de poboación e vivenda* con datos referidos a novembro do ano 2001. Esta fonte permite obter datos a nivel municipal máis actualizados que os proporcionados polo *Padrón de poboación*, que se refiren ó ano 1996. A utilización do *Censo de poboación e vivenda 2001* restrinxe a mostra analizada ás persoas maiores de 16 anos residentes en vivendas familiares dentro da área estudiada.

#### • *Actividade e ocupación*

Para analiza-la actividade e a ocupación existentes no conxunto da área de Ourense–Verín, en primeiro lugar teremos en conta a distribución da poboación en función da súa situación en relación coa actividade económica. Neste senso , o

**cadro 2.7.** mostra a distribución da poboación nas dez comarcas da área analizada en función de que se trate de poboación activa, parada, ocupada ou inactiva, así como segundo o seu tipo de inactividade.

No que respecta á **poboación activa**, no conxunto da área analizada existen 113.634 persoas nesta situación, o que representa o 43,5% do total de poboación maior de 16 anos na área de Ourense–Verín. Esta porcentaxe é só unha décima menor á existente no conxunto da provincia de Ourense e 6,2 puntos porcentuais inferior á porcentaxe de poboación activa do total de poboación analizada para o conxunto de Galicia (49,7%). Dentro da área analizada, a comarca de Ourense é a que presenta unha maior porcentaxe de poboación activa (50,2%), mentres que a comarca da Baixa Limia é a que presenta una porcentaxe menor (34,2%).

En relación á **poboación parada**, na área de Ourense–Verín existen 15.466 parados, o 88,9% do total da provincia de Ourense, o que representa que o 13,6% da poboación activa da área está nesta situación, máis dun punto porcentual por encima da media galega (12,6%). A comarca cun maior número de persoas paradas é a de Ourense, con 7.565 persoas. Sen embargo, en termos relativos en función do volume de poboación activa, a comarca cunha maior porcentaxe de poboación parada é a de Terra de Celanova (17,8%), seguida da de Viana (17%). No extremo oposto está a comarca de Ourense, onde a porcentaxe da súa poboación activa en situación de paro é do 12,4%. No que respecta á poboación parada, salienta que o 78,3% do total de po-

2.7.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares 2001: distribución segundo a súa relación coa actividade económica

	Ourense - Verín										Galicia		
	Total	Alariz- Maceda	Baixa Limia	O Carballiño	A Limia	Ourense	O Ribeiro	Terra de Caldelas	Terra de Celanova	Verín		Viana	
<b>Poboación maior de 16 anos</b>	261.074	13.725	8.903	26.632	21.945	121.729	18.125	4.119	20.478	25.418	6.918	297.589	2.335.614
<b>Poboación Activa</b>	113.634	5.571	3.045	10.574	8.280	61.086	6.591	1.434	7.361	9.692	2.873	129.712	1.160.521
Pop. ocupada	98.168	4.837	2.585	9.153	7.143	53.521	5.862	1.221	6.049	8.077	2.385	112.320	1.014.566
Pop. parada	15.466	734	460	1.421	1.137	7.565	1.009	213	1.312	1.615	488	17.392	146.955
Na procura do 1º emprego	3.355	143	69	303	269	1.857	212	31	210	261	65	3.689	32.450
Xa traballou antes	12.111	591	391	1.118	868	5.708	797	182	1.102	1.354	423	13.703	113.505
<b>Poboación Inactiva</b>	147.440	8.154	5.858	16.058	13.665	60.643	11.534	2.685	13.117	15.726	4.045	167.877	1.175.093
Xubilado	72.807	4.831	3.519	8.762	7.866	24.413	5.747	1.864	8.032	7.653	2.231	83.016	477.882
Pensionista	15.480	968	600	1.248	1.275	6.961	1.297	246	1.176	1.699	429	17.607	146.162
Estudiante	20.951	834	459	1.774	1.348	12.501	1.115	190	1.128	1.602	437	23.592	213.450
Tarefas fogar	28.594	1.266	795	3.034	2.356	12.820	2.436	309	2.101	3.477	775	33.385	278.391
Outras	9.508	265	485	1.240	800	3.928	939	76	680	1.095	173	10.277	69.198

Fonte: IGE, Censo de poboación e vivendas 2001

boación parada da área analizada xa traballou antes.

Finalmente no que respecta á **poboación inactiva**, no conxunto da área de Ourense–Verín existen 147.440 persoas nesta situación, o 87,8% do total de poboación inactiva existente na provincia de Ourense, dos que o 49,4% (72.907) son xubilados, o 19,4% (28.594) están dedicados a tarefas do fogar, o 14,2% (20.951) son estudantes e o 10,5% (15.480), pensionistas. A porcentaxe de xubilados sobre a poboación inactiva total dentro da área de Ourense–Verín supera en case nove puntos porcentuais á porcentaxe existente no conxunto de Galicia.

No que respecta á **poboación ocupada**, o **cadro 2.8.** mostra o volume de poboación ocupada segundo a rama de actividade nas diferentes comarcas que integran a área analizada, así como a distribución da citada poboación segundo a súa situación profesional. Estes datos están referidos á poboación de máis de 16 anos e residente en vivendas familiares.

No conxunto da área de Ourense–Verín existen, en novembro de 2001, un total de 100.553 persoas ocupadas de máis de 16 anos en vivendas familiares, o que supón o 89,5% do total de persoas nesta situación na provincia de Ourense e o 9,9% no conxunto de Galicia.

O 53,2% das persoas ocupadas na área analizada residen na comarca de Ourense, das que o 77,1% viven no concello de Ourense (os datos a nivel municipal móstranse no **anexo 11.**). A segunda comarca en importancia polo número de

persoas ocupadas das dez que compoñen a área analizada é a de O Carballiño, con 9.153 ocupados, seguida de Verín, con 8.077.

Segundo a distribución por ramas de actividade, o 62,7% do total de ocupados na área obxecto de estudo pertencen ó sector servicios, cun total de 63.079 persoas ocupadas, o que supón o 91,8% do total de persoas ocupadas no sector na provincia de Ourense e o 10,7% do conxunto de Galicia. A comarca cun maior volume de ocupación no sector servicios é a de Ourense, con 38.031 ocupados, o que supón o 60,3% da ocupación do sector na área analizada. O concello de Ourense é tamén o que presenta un maior volume de ocupación, co 81,4% dos ocupados no sector servicios na comarca.

A segunda actividade en importancia en canto ó volume de poboación ocupada maior de 16 anos en vivendas familiares é a industrial, con 16.104 persoas ocupadas, o que supón o 16% do total de ocupación na área de Ourense–Verín, o 80,2% do conxunto da provincia de Ourense e o 8,4% do total de Galicia de ocupación no sector industrial. A comarca de Ourense segue a se-la que presenta o maior volume de ocupación neste sector, con 8.512 ocupados, o que representa o 52,8% da ocupación total na área. O concello de Ourense acapara o 70,8% da ocupación total do sector na comarca.

A actividade da construción é a terceira en canto a volume de ocupación dentro da área de Ourense–Verín, con 13.542 ocupados, que representan o 89,8% da ocupación total do sector na

2.8.

Poboación ocupada en vivendas familiares 2007: distribución segundo sector e situación profesional.

	Área Ourense - Verín										Galicia	
	Allariz- Maceda	Baixa Limia	Carballiño	A Limia	Ourense	O Ribeiro	Terra de Caldelas	Terra de Celanova	Verín	Viana		
<b>Poboación ocupada</b>	100.553	7.143	9.153	7.143	53.521	5.582	1.221	6.049	8.077	2.385	112.320	1.014.566
Agricultura	4.837	2.585	9.153	7.143	1.309	818	284	753	855	431	8.391	76.187
Pesca	568	415	1.031	1.329	1.309	4	-	3	1	1	42	34.009
Industria	2	1	8	3	12	4	-	3	1	1	20.085	190.663
Construción	976	270	1.526	1.055	8.512	1.199	121	1.038	1.194	213	15.077	123.172
Servicios	783	505	1.521	1.270	5.657	711	157	1.063	1.421	444	68.725	590.535
<b>Segundo situación profesional</b>	2.498	1.394	5.067	3.486	38.031	2.850	659	3.192	4.606	1.296	26.929	226.972
Traballador por conta propia	1.371	702	3.050	2.412	9.532	1.735	473	1.923	2.352	835	9.023	70.761
Emprego persoal	386	172	811	621	4.213	453	70	563	720	167	17.906	156.211
Non emprego persoal	985	530	2.239	1.791	5.319	1.282	403	1.360	1.632	668	84.643	776.325
Asalariados	3.385	1.831	6.045	4.677	43.634	3.831	745	4.093	5.677	1.536	56.039	492.698
Fixo	2.278	898	3.846	2.840	31.482	2.477	521	2.196	3.584	671	28.604	283.627
Eventual	1.107	933	2.199	1.837	12.152	1.354	224	1.897	2.093	865	748	11.269
Outras	81	52	58	54	355	16	3	33	48	14	267	7.926
Axudas familiares	4	46	14	12	114	7	1	11	19	14	481	3.343
Membro cooperativas	77	6	44	42	241	9	2	22	29	-	-	-

Fonte: IGE, Censo de poboación e vivendas 2007



provincia de Ourense e o 11% do total de Galicia. A comarca de Ourense acolle ó 41,8% do total de ocupación neste sector na área analizada e o 67,5% da ocupación da comarca está centrada no concello de Ourense.

A agricultura na área de Ourense–Verín acolle a 7.793 persoas ocupadas en novembro de 2001, o que representa o 92,9% do total de ocupación agrícola na provincia de Ourense, así como o 10,2% da ocupación neste sector no conxunto de Galicia. O sector agrícola é o único dentro da área obxecto de análise onde a comarca con maior ocupación non é a de Ourense. Neste caso trátase da comarca de A Limia, que, con 1.329 ocupados no sector, acolle o 17,05% da ocupación total do sector no conxunto da área de Ourense–Verín. Sen embargo, ó contrario do que ocorría nos restantes sectores analizados, a ocupación no sector agrícola é significativamente homoxénea entre comarcas, oscilando entre os 284 ocupados no sector da comarca de Terra de Caldelas (3,6% total área) e os xa sinalados 1.329 ocupados da comarca de A Limia. A nivel municipal, o concello cun maior volume de ocupación na agricultura é o de Ourense, con 453 persoas ocupadas.

En relación á distribución da poboación ocupada segundo a súa situación profesional, o citado **cadro 2.8.** mostra como das 100.553 persoas ocupadas no conxunto da área analizada, o 75% son asalariados (75.454), dos que ó mesmo tempo o 67,3% son asalariados fixos e o 32,7% restante, eventuais. Por comarcas, das dez comarcas que integran a área de Ourense–Verín, é a comarca de Ourense a

que presenta un maior peso, absoluto e relativo, da súa poboación asalariada. Así, posúe 43.634 asalariados, que representan o 81,5% da súa poboación ocupada total.

No que respecta ós traballadores por conta propia, estes ascenden dentro do área analizada a 24.385 persoas (o 24,2% do total de ocupados), dos que 16.209 traballadores non empregan a persoal ningún. A distribución por comarcas mostra á comarca de Ourense, con 9.532 traballadores por conta propia, como a que acolle a un maior número de ocupados nesta situación. Sen embargo, en termos relativos a comarca onde os traballadores por conta propia representan unha maior porcentaxe dentro da poboación ocupada total é a de Terra de Caldelas, co 38,7% da súa poboación ocupada nesta situación.

Finalmente resta a categoría de outras situacións profesionais, onde están integradas as axudas familiares así como os membros de cooperativas que no caso da área estudiada ascende a 714 persoas. O 47,1% das axudas familiares e o 51% dos membros de cooperativas do conxunto da área analizada están na comarca de Ourense.

A continuación analizaremos as **taxas de actividade, ocupación e paro** nas diferentes comarcas da área de Ourense–Verín, tendo en conta que os datos expostos no **cadro 2.9.** están referidos ó ano 2001 e toman como mostra de poboación ós maiores de 16 anos residentes en vivendas familiares, entendendo como tales aquelas destinadas a ser habitadas por unha ou varias persoas, xeralmente, pero non necesariamente, unidas por pa-

2.9.

Taxas de actividade, ocupación e paro 2001: distribución segundo sexo

	Total			Homes			Mulleres		
	Taxa de actividade	Taxa de ocupación (%)	Taxa de paro	Taxa de actividade	Taxa de ocupación (%)	Taxa de paro	Taxa de actividade	Taxa de ocupación (%)	Taxa de paro
Ourense- Verín	43,5	37,6	13,6	53,8	47,5	11,7	34,2	28,6	16,4
Allariz- Maceda	40,6	35,2	13,2	50,3	44,9	10,7	31,5	26,2	16,8
Baixa Limia	34,2	29,0	15,1	44,4	38,0	14,6	25,1	21,1	15,9
O Carballiño	39,7	34,4	13,4	50,7	44,9	11,4	30,0	25,1	16,4
A Limia	37,7	32,5	13,7	48,4	42,3	12,5	27,6	23,3	15,7
Ourense	50,2	44,0	12,4	59,7	53,9	9,6	41,9	35,2	15,8
O Ribeiro	36,4	30,8	15,3	49,9	42,9	14,1	24,6	20,3	17,5
Terra de Caldeas	34,8	29,6	14,9	44,8	37,8	15,6	24,9	21,6	13,6
Terra de Celanova	35,9	29,5	17,8	47,6	39,7	16,7	25,6	20,5	19,7
Verín	38,1	31,8	12,6	48,5	41,0	13,1	28,2	22,9	11,6
Viana	41,5	34,5	17,0	53,5	44,4	16,9	29,1	24,1	17,1
Ourense	43,6	37,7	13,4	54,2	48,0	11,4	34,0	28,4	16,3
Galicia	49,7	43,4	12,6	61,3	55,2	9,9	39,1	32,7	16,4

Fonte: IGE

rentesco, e que non constitúen un colectivo. Os datos das citadas taxas referidos ó ámbito municipal están expostos nos **anexos 12. a 14.**

Nese **cadro 2.9.** móstranse as taxas de actividade, ocupación e paro da poboación da área obxecto de estudo. En primeiro lugar destaca o feito de que a **taxa de actividade** do conxunto da área analizada é do 43,5%, a da provincia de Ourense é de 43,6%, seis puntos porcentuais por debaixo da taxa de actividade media de Galicia, situada no 49,7%. No que respecta ás dez comarcas que integran a área de Ourense–Verín, só a comarca de Ourense, cunha taxa de actividade do 50,2%, está situada por encima da taxa de actividade media de Galicia no ano 2001.

A nivel municipal, dos 79 concellos que compoñen a área analizada, só tres teñen unhas taxas de actividade superiores á media galega: Barbadás, na comarca de Ourense (55,4%); Ourense (51,6%); e Vilariño de Conso, na comarca de Viana (50,5%). Isto contrasta coas taxas de actividade de concellos como Avión (20,4%) ou Beariz (26,9%), máis de vinte

puntos porcentuais por debaixo da taxa de actividade media de Galicia.

No que respecta á distribución por sexos, no conxunto da área de Ourense–Verín a taxa de actividade masculina é do 53,8%, maior que a taxa de actividade masculina da provincia de Ourense (54,2%) pero menor que a taxa de actividade masculina para o conxunto de Galicia (61,3%). A taxa de actividade feminina da área de Ourense–Verín sitúase no 34,2%, lixeiramente superior á taxa da provincia de Ourense (34%) pero inferior á taxa de actividade feminina de Galicia (39,1%). No caso da taxa de actividade masculina, no conxunto da área analizada só existe un concello cunha taxa de actividade masculina superior á taxa media galega situada no 61,3%, este concello é Barbadás (66,9%). No que respecta á taxa de actividade feminina, a taxa media de actividade feminina no conxunto de Galicia sitúase no 39,1%, estando só os concellos de Barbadás (44,7%) e Ourense (44%) por encima da citada media.

No que respecta ás **taxas de ocupación** dos concellos e comarcas que inte-

**2.10.**

**Paro rexistrado 2001-2002 (1)**

	2001	2002	02/01	
			(número)	(%)
<b>Area funcional de Ourense-Verín</b>	15.348	16.837	1.489	9,7
Allariz-Maceda	537	599	62	11,5
Baixa Limia	413	408	-5	-1,2
A Limia	1.357	1.471	114	8,4
O Carballiño	1.223	1.417	194	15,9
Ourense	7.788	8.528	740	9,5
O Ribeiro	734	816	82	11,2
Terra de Caldelas	141	165	24	17,0
Terra de Celanova	1.019	1.098	79	7,8
Verín	1.712	1.887	175	10,2
Viana	424	448	24	5,7
<b>Provincia de Ourense</b>	16.723	18.214	1.491	8,9
<b>Galicia</b>	138.354	151.015	12.661	9,2
<b>Area Funcional / Galicia</b>	11,1	11,1		
<b>Area Funcional / Provincias</b>	91,8	92,4		

(1) a 31 de decembro de cada ano

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

gran a área de Ourense–Verín, tendo en conta as persoas maiores de 16 anos en vivendas familiares, a taxa de ocupación media para esta franxa de poboación no conxunto da área analizada é do 37,6% (47,5% no caso dos homes e 28,6% no caso das mulleres), mentres que a taxa de ocupación de Galicia é do 43,4%, con datos referidos a novembro do ano 2001. Na área de Ourense–Verín só unha comarca das dez que a integran sitúase por encima da taxa media de Galicia. Esta é a comarca de Ourense, cunha taxa de ocupación do 44%. A nivel municipal, dos 79 concellos que compoñen a área analizada, só tres están por encima da taxa media de ocupación galega: Barbadás, na comarca de Ourense (47,8%), Ourense (45%) e Vilarinho de Conso (44%).

Finalmente detállanse as **taxas de paro** dos maiores de 16 anos residentes en vivendas familiares dos concellos que integran a área estudiada. A taxa de paro media da poboación maior de 16 anos residente en vivendas familiares para o conxunto da área obxecto de estudio é do

13,6% (11,7% no caso dos homes e do 16,4% para as mulleres), mestres que a taxa de paro no conxunto de Galicia no ano 2001 era do 12,6%, un 9,9% no caso dos homes e un 16,4% no caso das mulleres. A taxa media de paro nesta poboación no conxunto da provincia de Ourense é do 13,4%, 0,8 puntos porcentuais por encima da media de Galicia. No que respecta á área de Ourense–Verín, só a comarca de Ourense presenta unha taxa de paro inferior á media galega, situándose no 12,4%, 0,2 puntos porcentuais por debaixo da taxa de paro media para o conxunto de Galicia. No extremo oposto sitúase a comarca de Terra de Celanova, cunha taxa de paro media do 17,8%, 5,2 puntos porcentuais por encima da media galega.

A nivel municipal, dos 79 concellos que integran a área analizada, o 38% (30 concellos) presentan taxas de paro por debaixo da media galega.

• **Paro rexistrado**

Segundo os datos do **cadro 2.10.**, no

2.1.1.

Paro rexistrado a 31-12-2002: distribución segundo sectores de actividade económica

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Electricidade	Construción	Comercio e hostalería	Transporte e comunicación	Outros servicios	Sen emprego anterior
<b>Area funcional de Ourense-Verín</b>	16.837	365	2.611	42	2.492	3.252	345	4.860	2.870
Allariz-Maceda	599	28	131	2	94	80	14	155	95
Baixa Limia	408	31	46	-	107	51	4	139	30
A Limia	1.471	48	209	-	284	260	25	417	228
O Carballiño	1.417	27	219	1	197	278	34	401	260
Ourense	8.528	106	1.258	4	931	1.834	170	2.636	1.589
O Ribeiro	816	32	120	1	130	131	11	234	157
Terra de Caldeias	165	5	14	-	27	25	5	72	17
Terra de Celanova	1.098	25	186	3	236	197	29	289	133
Verín	1.887	47	394	30	354	330	38	394	300
Viana	448	16	34	1	132	66	15	123	61
<b>Provincia de Ourense</b>	18.214	381	2.907	60	2.701	3.541	375	5.198	3.051
<b>Galicia</b>	151.015	3.698	26.220	244	18.062	30.853	4.248	39.011	28.679
<b>Área funcional / Provincia</b>	92,4	95,8	89,8	70,0	92,3	91,8	92,0	93,5	94,1
<b>Área funcional / Galicia</b>	11,1	9,9	10,0	17,2	13,8	10,5	8,1	12,5	10,0

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións . Informe comarcal do mercado laboral

**2.12.**

**Paro rexistrado a 31-12-2002: distribución segundo grupos de idade**

	Total	Menores de 30 anos			Resto de idades		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
<b>Area funcional de Ourense-Verín</b>	<b>16.837</b>	<b>1.773</b>	<b>2.684</b>	<b>4.457</b>	<b>5.343</b>	<b>7.037</b>	<b>12.380</b>
Allariz-Maceda	599	68	93	161	217	221	438
Baixa Limia	408	49	37	86	184	138	322
A Limia	1.471	115	186	301	548	622	1.170
O Carballiño	1.417	156	222	378	480	559	1.039
Ourense	8.528	977	1.579	2.556	2.185	3.787	5.972
O Ribeiro	816	108	115	223	287	306	593
Terra de Caldelas	165	14	22	36	86	43	129
Terra de Celanova	1.098	94	141	235	470	393	863
Verín	1.887	148	239	387	666	834	1.500
Viana	448	44	50	94	220	134	354
<b>Provincia de Ourense</b>	<b>18.214</b>						
<b>Galicia</b>	<b>151.015</b>						
<b>Área Funcional/Provincia</b>	<b>92,4</b>						
<b>Área Funcional/Galicia</b>	<b>11,1</b>						

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

que aparecen reflectidos os datos de paro rexistrado nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia para os anos 2001 e 2002, o paro rexistrado na área de Ourense-Verín a 31 de decembro do ano 2002 ascendeu a 16.837 persoas desempregadas, 1.489 persoas máis que o ano anterior, o que significa un aumento do paro rexistrado na área de Ourense-Verín do 9,7%, porcentaxe de incremento superior ó da provincia de Ourense (9,2%), así como superior tamén a porcentaxe de incremento do paro rexistrado no conxunto de Galicia, que para o período sinalado foi do 9,2%.

O incremento do paro rexistrado que se observa no conxunto da área de Ourense-Verín reflicte unha situación homoxénea nas comarcas que a integran. Así, tódalas comarcas da área analizada, agás a comarca de A Limia, sofren no período 2001-2002 un incremento no paro rexistrado. Por unha banda, seis comarcas das dez que integran a área analizada teñen incrementos porcentuais do paro rexistrado superiores á media da provincia de

Ourense, destacando o incremento do 17% no paro rexistrado na comarca de Terra de Caldelas ou do 15,9% na comarca de O Carballiño. Por outra banda, hai catro comarcas onde os incrementos no paro rexistrado foron porcentualmente inferiores ó incremento medio provincial.

En xeral, dado o menor incremento porcentual do paro rexistrado no conxunto de Galicia, o peso do paro rexistrado na área obxecto de análise no conxunto da comunidade ascende lixeiramente, pasando do 11,09% no ano 2001 ó 11,14% no ano 2002.

No **cadro 2.11.** recóllense datos do paro rexistrado a 31 de decembro do ano 2002 desagregados por sectores de actividade económica. Destes datos dedúcese que, ó igual que acontece no conxunto de Galicia e a nivel provincial, a maior parte do desemprego rexistrado nas diferentes comarcas prodúcese na actividade de "Outros servizos", con 4.860 desempregados, o 28,8% do desemprego total da área de Ourense-Verín, seguida das acti-

vidades de "Comercio e hostalería", con 3.252 desempregados, o 19,3% do desemprego total, e da categoría de "Sen emprego anterior", que, con 2.870 desempregados acolle ó 17% do paro rexistrado no conxunto da área analizada.

A área de Ourense–Verín acolle ó 92,4% do paro rexistrado total no conxunto da provincia de Ourense, así como o 11,1% do paro rexistrado no total da comunidade autónoma. As actividades de "Electricidade", "Construcción" e "Outros servicios" están por encima da porcentaxe media de paro rexistrado en relación ó conxunto de Galicia. Así, no conxunto da área analizada o paro rexistrado nas tres actividades sinaladas representa, respectivamente, o 17,2%, o 13,8% e o 12,5% do total de paro rexistrado no conxunto de Galicia nestes sectores de actividade.

Tendo en conta a distribución das persoas desempregadas en función da súa idade, **cadro 2.12.**, o 26,5% das persoas desempregadas da área de Ourense–Verín teñen menos de 30 anos, das que o 60,2% son mulleres. En xeral, o 57,7% das persoas desempregadas da área son mulleres (9.721), das que o 72,4% teñen máis de 30 anos.

### **Medidas activas de emprego**

As medidas activas de emprego poden agruparse en catro grandes grupos: as medidas destinadas á mellora da empregabilidade, as actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral, as actuacións para o desenvolvemento

da economía social e do autoemprego e, finalmente, os programas de cooperación e escolas obradoiro.

Ó longo do ano 2002 os programas de mellora da empregabilidade configúranse como una oferta integral de servizos que se poden agrupar en medidas de formación, asesoramento e intermediación laboral. A xestión do conxunto destas medidas correspóndello ó Servicio Público de Emprego (SPE), contando cunha rede complementaria de entidades que actúan por conta do SPE e baixo a súa coordinación.

Tal como se sinalou anteriormente, de xeito complementario ó Servicio Gallego de Colocación, dende 1998 funciona a Rede de Orientación Laboral. O número total de beneficiarios destas accións de orientación no ano 2002 ascendeu a 9.153 persoas na área de Ourense–Verín (**cadro 2.13.**), o que supón un descenso no número de beneficiarios do 7,8% respecto do ano 2001.

A comarca de Ourense acolleu un total de 5.676 beneficiarios (o 62% do total da área analizada), seguida de O Carballiño, con 807 beneficiarios (o 8,8%). As comarcas de Baixa Limia e Terra de Caldelas non rexistraron ningún beneficiario nos anos 2001 e 2002.

Comparando a área de Ourense–Verín co total de beneficiarios da provincia de Ourense e co total de Galicia, os beneficiarios da área de Ourense–Verín representan o 91,7% das persoas beneficiarias da provincia de Ourense e o 13,3% das de Galicia.

**2.13.**

**Beneficiarios das actuacións de orientación laboral 2001-02**

	2001	2002
<b>Area funcional de Ourense-Verín</b>	9.933	9.153
Allariz-Maceda	197	119
Baixa Limia	-	-
A Limia	632	724
O Carballiño	709	807
Ourense	5.956	5.676
O Ribeiro	564	458
Terra de Caldelas		
Terra de Celanova	773	416
Verín	929	673
Viana	173	280
<b>Provincia de Ourense</b>	10.554	9.976
<b>Galicia</b>	71.172	68.496

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego; balance de resultados

Tal como se mostra no **cadro 2.14.**, os resultados das accións de orientación realizadas no ano 2002 nas comarcas que integran a área de Ourense-Verín indican que as accións predominantes son as que a orientación finaliza normalmente nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, Terra de Celanova e Verín, e as accións nas que existe unha perfecta adecuación do seu C.V. nas comarcas de a Limia, O Ribeiro e Viana.

En relación ós datos rexistrados nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia en 2002, **cadro 2.15.**, das 893.760 altas de demanda de emprego rexistradas en Galicia, 62.678 pertencen á área de Ourense-Verín (o 7%), e das 879.096 baixas de demanda no conxunto de Galicia, 61.040 pertencen á área analizada (o 6,9%). No ano 2002 en Galicia rexistráronse un total de 630.377 novos contratos, dos que 39.163 realizáronse na área de Ourense-Verín, o que supón o 6,2% do total.

No que concirne á xestión nas citadas oficinas de emprego, no ano 2002 xestionáronse un total de 4.984 ofertas de

traballo na área de Ourense-Verín (o 7,7% do total galego), das que a oficina de Ourense acolle o 53,2% (2.654 ofertas de traballo). Pola contra, as ofertas recollidas na oficina da comarca de O Ribeiro representan o 9,6% do total de ofertas da área analizada (478 ofertas).

O citado **cadro 2.15.** mostra cómo, no ano 2002, os centros asociados da área de influencia das oficinas pertencentes á área de Ourense-Verín tramitaron un total de 906 ofertas (o 8,7% das tramitadas por estes centros no conxunto de Galicia), das que 743 pertencen á oficina de Ourense, sendo a de Terra de Celanova a que menos ofertas tramitou no citado ano, con 55.

O número de demandantes asistentes a cursos de formación ocupacional na área analizada ascendeu a 4.507 no ano 2002 (o 16,8% do total de Galicia), dos que 3.775 pertencen á comarca de Ourense.

No que se refire á **programación FIP** na área de Ourense-Verín, ó longo do ano 2002 realizáronse na citada área un

Resultado das accións de orientación realizadas 2001-02

2.14.

2001

	Área Ourense-Verín										Ourense	Galicia
	Alariz-Maceda	Baixa Limia	A Limia	O Carballiño	Ourense	O Ribeiro	Terra de Caldeas	Terra de Celanova	Verín	Viana		
<b>Total</b>												
CV altamente incoherente: modificado	-		8	2	7		1				8	162
Exclusión definitiva programa PIL-RAI			1		4		15				32	122
Exclusión temporal programa PIL-RAI			39	36	132	2	1				17	86
Finalización programa PIL-RAI			41	181	186	19	200		22	9	480	1.685
Necesita máis orientación			2		15	16	3				540	3.563
Necesita máis orientación con urxencia			90	6	38	3	34				18	130
Non lle interesa buscar traballo activamente			163	200	2.105	121	125		19	24	198	2.597
O demandante non asistiu á entrevista	103		99	200	3.175	395	312		24	137	3.349	23.294
Orientación finalizada normalmente	90		161	51	36	1	71		408		5.211	35.257
Perfecta adecuación do seu CV	4		1	2	33	6	3		3		54	375
Precisara máis orientación, por enfermidade			8	8	152				41	2	5	5
Sen facilitar			19	17	89	1	8		100		234	2.179
Só precisa información				5								
Necesita máis información												

2002

	Área Ourense-Verín										Ourense	Galicia
	Alariz-Maceda	Baixa Limia	A Limia	O Carballiño	Ourense	O Ribeiro	Terra de Caldeas	Terra de Celanova	Verín	Viana		
<b>Total</b>												
CV altamente incoherente: modificado	-		2	6	18		-				18	146
Exclusión definitiva programa PIL-RAI			2	6	6		4				19	101
Exclusión temporal programa PIL-RAI			63	48	201	3	69		1		16	69
Finalización programa PIL-RAI			43	87	193	4	1				425	1.530
Necesita máis orientación			1		42	19	1				567	3.654
Necesita máis orientación con urxencia			94	9	37	1	39				44	103
Non lle interesa buscar traballo activamente			168	198	1.970	51	60		27	24	206	1.894
O demandante non asistiu á entrevista	53		94	220	2.932	184	153		111	21	2.885	21.209
Orientación finalizada normalmente	64		234	50	32	191	89		266	230	4.829	34.954
Perfecta adecuación do seu CV	1		19	3	44	1	1		8		419	1.477
Precisara máis orientación, por enfermidade			4	164	108	1			18		64	338
Sen facilitar				13					17	4	194	1.138
Só precisa información											290	1.882
Necesita máis información												

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Medidas activas de emprego, balance de resultados



**Movimentos e xestións nas Oficinas de Emprego da Xunta 2002**

**2.15.**

	Total	Área Ourense-Verín				Ourense		Galicia	
		Terra de Celanova	O Carballiño	Ourense	Verín	Ourense	Galicia		
<b>Movimentos</b>									
Altas de demanda	62.678	4.996	6.383	41.459	3.708	6.132	893.760		
Baixas de demanda	61.040	4.917	6.069	40.429	3.658	5.967	879.096		
Novas inscricións	5.100	513	604	3.190	333	460	53.300		
Nº contratos rexistrados	39.163	1.829	2.288	30.442	1.353	3.251	630.377		
<b>Xestión</b>									
Nº ofertas de traballo	4.984	577	485	2.654	478	790	65.063		
Nº orientacións laborais realizadas	3.599	416	480	2.168	275	260	22.116		
Nº beneficiarios PIL-RAI do 2002 citados	1.962	195	305	1.276	88	98	10.155		
Paro rexistrado a 31/12/2002	14.669	1.569	1.581	8.791	816	1.912	151.015		
Nº ofertas tramitadas por centros asociados da área de influencia	906	14	55	743	43	51	10.447		
Nº demandantes asistentes a cursos de F.O.	4.507	111	225	3.775	113	283	26.761		

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego: balance de resultados

2.16.

Programación FIP 2001-02: cursos, alumnos e orzamentos

	2001			2002		
	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en miles de €)	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en miles de €)
<b>Area funcional de Ourense-Verín</b>	251	4.036	6.976,4	241	3.991	6.980,4
Allariz-Maceda	-	-	-	-	-	-
Baixa Limia	-	-	-	-	-	-
A Limia	16	254	348,4	8	132	236,2
O Carballiño	13	206	329,0	12	185	311,7
Ourense	195	3.129	5.518,2	193	3.213	5.672,8
O Ribeiro	8	129	279,0	7	113	228,9
Terra de Caldelas	-	-	-	-	-	-
Terra de Celanova	5	83	143,0	6	95	179,9
Verín	14	235	358,8	15	253	350,8
Viana	-	-	-	-	-	-
<b>Provincia de Ourense</b>	274	4.427	7.533,7	259	4.293	7.449,5
<b>Galicia</b>	1.464	23.543	41.126,9	1.425	23.379	40.650,3

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

total de 241 cursos do Plan FIP, ós que asistiron 3.991 alumnos, cunha media de 16,6 alumnos por curso e cun orzamento total de 6,9 millóns de euros. En relación ó ano 2000, o número de cursos realizados reduciuse nun 4%, mentres que os alumnos asistentes ós mesmos reducíronse nun 1,1%. Tal como se recolle no **cadro 2.16.**, a comarca de Ourense foi a que acolleu un maior número de cursos, con 193, ós que asistiron unha media de 16,6 alumnos por curso. En segundo lugar está a comarca de Verín, con 15 cursos (16,8 alumnos de media). Existen, na área obxecto de análise, catro comarcas onde non se impartiu ningún curso: Allariz-Maceda, Baixa Limia, Terra de Caldelas e Viana.

Comparando coa programación do plan FIP realizada na provincia de Ourense e no total da Comunidade Autónoma de Galicia, na área de Ourense-Verín realizáronse o 93% dos cursos totais da provincia de Ourense no ano 2001 e o 16,9% do total de cursos realizados en Galicia. No que respecta á asistencia, nas comarcas da área de Ourense-Verín asistiron o 93% do total de alumnos a nivel

provincial e ó 17% dos alumnos totais do conxunto de Galicia. O orzamento total para a realización de cursos na área de Ourense-Verín foi de 6,98 millóns de euros, o que significa o 17,1% do orzamento total para a comunidade galega.

No marco das actuacións para o **fomento do emprego e da estabilidade laboral**, no ano 2002 dentro da área de Ourense-Verín beneficiáronse un total de 1.340 traballadores, o que representa o 91,6% do total de beneficiarios da provincia de Ourense e o 9,8% dos beneficiarios galegos. O investimento total neste tipo de medidas ascendeu a 4,77 millóns de euros, que significa o 92% do total investido na provincia de Ourense e o 13,2% do total investido en Galicia (**cadro 2.17.**).

Na comarca de Ourense o número de beneficiarios ascendeu a 1.011 traballadores e o seu investimento a 3,54 millóns de euros. A segunda comarca en importancia polo número de beneficiarios é A Limia, con 169 beneficiarios e 0,69 millóns de euros de investimento. As comarcas de Allariz-Maceda, Baixa Limia e Terra de

**2.17.**

**Actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral 2001-02**

	2001		2002	
	Beneficiarios	Investimento (en miles de €)	Beneficiarios	Investimento (en miles de €)
<b>Area funcional de Ourense-Verín</b>	<b>1.562</b>	<b>3.279,5</b>	<b>1.340</b>	<b>4.771,0</b>
Allariz-Maceda				
Baixa Limia				
A Limia	70	154,6	169	691,6
O Carballiño	94	221,2	44	152,3
Ourense	1.259	2.624,0	1.011	3.543,6
O Ribeiro	34	63,6	25	89,0
Terra de Caldelas				
Terra de Celanova	59	121,9	36	127,3
Verín	35	74,7	33	104,5
Viana	11	19,5	22	62,7
<b>Provincia de Ourense</b>	<b>1.639</b>	<b>3.479,5</b>	<b>1.463</b>	<b>5.185,1</b>
<b>Galicia</b>	<b>17.397</b>	<b>36.186,3</b>	<b>13.591</b>	<b>36.225,7</b>

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego:balance de resultados

**2.18.**

**Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego 2001-02**

	2001		2002	
	Beneficiarios	Investimento (en miles de €)	Beneficiarios	Investimento (en miles de €)
<b>Area funcional de Ourense-Verín</b>	<b>1.135</b>	<b>4.638,1</b>	<b>942</b>	<b>3.888,2</b>
Allariz-Maceda				
Baixa Limia				
A Limia	96	404,6	76	318,3
O Carballiño	70	275,7	68	319,4
Ourense	788	2.934,5	698	2.755,2
O Ribeiro	40	197,7	29	156,2
Terra de Caldelas				
Terra de Celanova	85	527,6	34	159,2
Verín	47	210,0	30	125,0
Viana	9	88,0	7	54,9
<b>Provincia de Ourense</b>	<b>1.224</b>	<b>5.011,7</b>	<b>993</b>	<b>4.048,3</b>
<b>Galicia</b>	<b>8.929</b>	<b>26.598,0</b>	<b>8.032</b>	<b>27.386,9</b>

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego:balance de resultados

Caldelas non tiveron ningún beneficiario das accións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral nos anos 2001 e 2002.

Finalmente, destaca o descenso do 14,2% no número de beneficiarios na área analizada no período 2001-2002, mentres que o investimento para estas actuacións na área de Ourense-Verín incrementouse nun 45,5% no ano 2002 respecto do ano anterior.

As medidas de fomento de emprego e da estabilidade laboral complétanse con

medidas e axudas a novas iniciativas e outras fórmulas empresariais englobadas baixo o concepto de economía social. No ano 2002, na área de Ourense-Verín, 942 traballadores beneficiáronse das **axudas ó autoemprego e a economía social**, sendo o investimento neste tipo de actuacións de 3,88 millóns de euros. A comarca de Ourense acolle o maior número de beneficiarios dentro da área analizada, con 698, e 2,7 millóns de euros de investimento, seguida da comarca de A Limia, con 76 beneficiarios e 0,3 millóns de euros de investimento. As comarcas de Allariz-Maceda, Baixa Limia e Terra de Caldelas

2.19.

Programas de cooperación e escolas obradoiro 2001-02

	2001		2001	
	Beneficiarios	Investimento (en miles de €)	Beneficiarios	Investimento (en miles de €)
<b>Area funcional de Ourense-Verin</b>	2.166	15.408,4	2.274	15.019,6
Allariz-Maceda				
Baixa Limia				
A Limia	237	2.059,6	260	1.351,8
O Carballiño	267	1.831,2	224	1.144,3
Ourense	770	5.652,8	911	6.918,4
O Ribeiro	213	1.070,8	197	1.351,2
Terra de Caldelas				
Terra de Celanova	386	2.613,9	403	2.601,7
Verin	164	973,0	162	967,2
Viana	129	1.207,2	117	684,8
<b>Provincia de Ourense</b>	2.273	16.189,8	2.389	15.755,8
<b>Galicia</b>	10.208	75.813,1	11.253	82.571,3

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Medidas activas de emprego: balance de resultados

non teñen beneficiarios deste tipo de actuacións no ano 2002 nin 2001 (**cadro 2.18.**).

En termos relativos, a área de Ourense-Verín no ano 2002 acolle o 94,9% do total de beneficiarios da provincia de Ourense e o 11,7% dos beneficiarios totais de Galicia, en tanto que o investimento neste tipo de actuacións representa o 96% do investido na provincia de Ourense e o 14,2% do investido en Galicia.

Finalmente, no que ós programas de cooperación e escolas-obradoiro se refire, tal como se mostra no **cadro 2.19.**, un total de 2.274 persoas beneficiáronse deste tipo de actuacións, que recibiron un investimento de 15 millóns de euros. Ourense foi a comarca cun maior número de beneficiarios, 911, e cun maior investimento, 6,9 millóns de euros, seguida de Terra de Celanova, con 403 beneficiarios e 2,6 millóns de euros. As comarcas de Allariz -Maceda, Baixa Limia e Terra de Caldelas non acolleron beneficiarios no ano 2001 nin 2002.

En termos relativos, o número de beneficiarios da área de Ourense-Verín representa o 95,2% do total de beneficiarios da provincia de Ourense e o 20,2% dos da comunidade galega, en tanto que o investimento no conxunto da área representa o 95,3% do investimento total nestas actuacións na provincia de Ourense e o 18,2% do total no conxunto de Galicia. ■